

MAIREAD CORRIGAN MAGUIRRE

Mairead Maguirre nace en 1944 en Belfast. Asistiu á escola primaria St. Vincent, unha escola católica privada, ata os catorce anos, momento no que tivo que abandonala porque a súa familia non podía pagar os seus estudos. Traballou durante un tempo coidando crianzas e aforrou para inscribirse nunhas clases de negocios durante un ano, o que lle permitiu entrar a traballar como contable nunha fábrica local.

O seu activismo a favor da paz comezou en 1976, cando os tres fillos da súa irmá morreron atropelados polo coche que conducía Danny Lennon, un fuxitivo do IRA. Betty Williams, testemuña do accidente, comezou a recollida de sinaturas pedindo unha solución pacífica ao conflito armado norirlandés. Mairead uniuse ao traballo de Williams, fundando o movemento *Movemento pola Paz en Irlanda do Norte*, coñecido tamén como *Comunidade de Xente Pacífica Mulleres pola Paz*. Ambas mulleres conseguiron reunir nas rúas de Belfast a máis de 35000 persoas pedindo unha solución pacífica ao conflito, converténdose en lideresas conxuntas dun movemento de masas espontáneo.

En 1976 Mairead Corrigan e Betty Williams foron recompensadas co Premio Nobel da Paz polas súas loitas pacíficas no proceso de Irlanda do Norte mediante a fundación do Movemento pola Paz de Irlanda do Norte.

O compromiso de Mairead de promover a paz e a xustiza a través de métodos non violentos non só se limitou ao seu país, senón que adquiriu unha dimensión máis global que a levou a implicarse en diversos temas sociais e políticos noutros países como a invasión de Irak ou o conflito palestino.

Mairead Corrigan Maguirre, máis de catro décadas de compromiso promovendo a paz, a xustiza, a igualdade e os Dereitos Humanos.

Iago Docal Chantada

1º Bacharelato A